



BASES DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN “CONCILIA COIRÓS 2026”

1. OBXECTO

O campamento “Concilia Coirós” é unha alternativa de lecer para as crianzas de 3 anos (cursando 4ª etapa de educación infantil) e ata os 16 anos, cunha dobre finalidade: permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e ofertar un espazo lúdico e de aprendizaxe para as crianzas.

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no programa Concilia Coirós 2026, así como as normas que o rexerán.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballaránse a igualdade de xénero e o fomento da lingua galega.

2. OBXECTIVOS

- ☐ Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias promovendo a igualdade de xénero, evitando estereotipos de xénero nas actividades e relacións.
- ☐ Ofrecer un espazo seguro, respectuoso e inclusivo onde se valore a diversidade.
- ☐ Desenvolver habilidades sociais, emocionais e de convivencia baseadas no respecto e na empatía.
- ☐ Impulsar a autonomía persoal das crianzas a través de actividades adaptadas á súa idade.
- ☐ Sensibilizar sobre a igualdade de oportunidades e a prevención de actitudes discriminatorias.
- ☐ Facilitar ás familias recursos e tempo para a conciliación, reducindo a carga desigual que recae especialmente nas mulleres.
- ☐ Promover o xogo cooperativo fronte ao competitivo, reforzando valores de colaboración e apoio mutuo.
- ☐ Incorporar referentes diversos (mulleres e homes en distintos roles) nas actividades e contidos.
- ☐ Detectar e previr situacións de desigualdade ou violencia simbólica desde idades temperás.

A realización do campamento Concilia Coirós 2026 queda condicionada á formalización do contrato de prestación de servizos de conciliación do Concello de Coirós. O Concello de Coirós establece a posibilidade de suspensión temporal ou definitiva do programa ou modificación substancial, no caso de ser necesario, ben por cuestións xurídicas ou de feito.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Terán acceso ao programa Concilia Coirós 26 as crianzas (nadas entres 2010 e 2023) que se encontren entre os 3 anos, que cursaran 4º etapa de educación infantil na data da solicitude, e os 16 anos.



4. HORARIO

Xornada ordinaria: De luns a venres, agás festivos, **de 09:00 a 14:00 horas**.

Xornada extraordinaria: Establecese a posibilidade de entrar ás 07:45 e saír ás 14:45 o seguinte horario para aquelas familias que o necesiten, e o soliciten.

XORNADA ORDINARIA	XORNADA EXTRAORDINARIA
Posibilidade de ENTRADA dentro do horario ordinario 09:00 ou 10:00	Posibilidades de ENTRADA extraordinaria 7:45 ou 08:15
Posibilidade de SAÍDA dentro do horario ordinario 13:30 ou 14:00	Posibilidades de SAÍDA extraordinaria 14:30 ou 14:45

5. LUGAR, QUENDAS E NÚMERO DE PRAZAS

O campamento Concilia Coirós 2026 desenvolverase no pavillón deportivo A Cortella, no local social de Queirís (antiga escola) e na E.E.I. de Coirós; a adxudicación da instalación farase en función do ano de nacemento da crianza. E será a empresa xestora do campamento a responsable na adxudicación das prazas.

O campamento desenvolverase entre o 1 de xullo e o 4 de setembro.

- ☐ Primeira quenda: de 1 de xullo ao 31 xullo | 100 (98+2)prazas.
- ☐ Segunda quenda: do 1 de agosto ao 31 de agosto | 70(68+2)prazas.
- ☐ Terceira quenda: do 1 ao 4 de setembro | 30 (28+2)prazas.

6. CRITERIOS PARA A ADSCRICIÓN DE PRAZA

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas nos grupos serán criterios de valoración preferente no acceso ao programa Concilia Coirós 2026 o empadroamento das crianzas, a renda per cápita e a pertenza a determinados colectivos, así establecido para unha mellor comprensión:

6.1. Crianzas empadroadas en Coirós.

6.1.1. Criterio técnico para casos de especial dificultade.



6.1.2. Familias monomarentais, ou monoparentais; ou muller solicitante que sufriu situación de violencia de xénero; ou familia solicitante con discapacidade, en risco de exclusión social, solicitantes de asilo internacional ou persoas refuxiadas, ou unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo, ou familia numerosas; sempre coa acreditación oportuna e en función do nivel de renda per cápita da unidade familiar solicitante.

6.1.3. O resto de crianzas empadroadas en Coirós, en función do nivel de renda per cápita da unidade familiar solicitante.

6.2. Crianzas non empadroadas que acudiran ás escola infantís de Lesa, Coirós ou Santa María de Ois e en función do nivel de renda per cápita da unidade familiar solicitante.

6.3. O resto das crianzas, en función do nivel de renda per cápita da unidade familiar solicitante.

Dentro de cada grupo, estarase ao tempo de rexistro da solicitude en caso de empate.

Nota: Se a súa situación non cumpre cos requisitos establecidos anteriormente, ou considera que hai que ter en conta elementos diferentes no seu caso, debe expoñer o motivo en “observacións” na solicitude.

No caso de haber máis número de solicitudes que número de prazas elaborárase unha lista de agarda.

7. UNIDADES FAMILIARES

Considérase unidade familiar a nai, e pai da persoa beneficiaria, así como as irmáns e irmás que estean empadroados coa mesma.

No caso de proxenitores separados de feito ou dereito, ou divorciados, ou viúvas ou viuvos considérase unidade familiar o núcleo familiar onde a nena ou neno estea vivindo no período da solicitude do Concilia, ou no período do Concilia solicitado segundo o caso.

8. SAÚDE

Calquera circunstancia de saúde que poida afectar e que deba ser tida en conta (alerxias, intolerancias, necesidade de apoio, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico/terapéutico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta.

9. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER AS CRIANZAS

Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola persoa solicitante para recoller á cativada no CONCILIA COIRÓS 2026.



De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recollelas a/s persoa/s solicitante/s.

10. DIVERSIDADE FUNCIONAL

O Concello reserva dúas prazas para menores cunha discapacidade superior a 45% e con dificultades para seguir o ritmo normal do Concilia Coirós. No caso de non seren cubertas, ampliaranse o número de prazas xerais. Para optar a estas prazas, haberá que presentar o certificado de discapacidade superior ao 45% e un informe técnico/médico en relación á dificultade. O resto das crianzas deberán seguir o funcionamento ordinario do Concilia Coirós 2026.

11. CUSTO

O prezo público do mes de xullo é de 30 euros.

O prezo público do mes de agosto é de 30 euros.

O prezo público da semana de setembro é de 7 euros.

12. PUBLICACIÓN DAS LISTAS

As listas das persoas solicitantes preadmitidas e admitidas, publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Centro Social.

O resto das comunicacións realizarase na páxina web do Concello.

13. NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das mesmas.

13.1. Dereitos das persoas usuarias

- a. Bo trato tanto por parte do persoal do servizo como do resto de persoas usuarias.
- b. A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- c. Favorecer a súa participación no programa.

13.2. Obrigas das persoas usuarias

- a. Cumprir cos horarios establecidos no programa.
- b. Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- c. Entregar a documentación requirida.
- d. Para a recollida da cativada sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.



- e. Respetar as normas establecidas polo persoal monitor de cada aula así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- f. Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias. No caso de falta de respecto a outras persoas, comunicarase á persoa solicitante por parte do monitorado a primeira vez. Se se repetise esta actuación, ou a primeira consistise nunha agresión, o monitorado fará un informe que trasladará ao persoal do CIM para que poida analizar coa familia posibles solucións, entre as que se atopa, o suspender durante unha semana ou varias a participación da crianza no campamento Concilia Coirós 2026 e incluso a baixa do mesmo.
- g. Incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

13.3. Renuncia da praza e devolución do importe

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo non puidese asistir á actividade por causa médica ou similar, só ten dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito, cun informe médico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

14. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

1. Solicitud
2. Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar. No caso de familias empadroadas en Coirós, poden asinar para que se poida revisar de oficio.
3. No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do persoal médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
4. No caso de ser familia numerosa, a fotocopia do título de familia numerosa en vigor.
5. No caso de familias monomarentais ou monoparentais, o certificado do Rexistro de familias monoparentais da Xunta de Galicia.
6. No caso de optar ás prazas reservadas para menores con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 45%.
7. No caso de crianzas que entren por cursar estudos nas escolas infantís do Concello nalgún curso, documentación escrita ou gráfica que o acredite, ou declaración responsable.
8. Se houbese algunha restrición en caso de recollida, deberá acompañarse da sentenza ou auto que o xustifique.
9. No caso de familias con especial vulnerabilidade, ou situacións especiais, o informe dos servizos sociais ou informe do CIM.
10. Calquera outro documento que xustifique unha determinada situación.



15. ESPECIAL ATENCIÓN

- 15.1 É necesario cubrir todos os apartados da solicitude e achegar toda a documentación que se solicita.
- 15.2 Cando ambos proxenitores formen unha unidade familiar deberán cubrir e asinar **AMBOS** a solicitude, para poder recoller ás crianzas.
No caso de familias monoparentais (ben ao ser nai ou pai solteira/o, viúva/o, separada/o ou divorciada/o xudicialmente, ou que teñan convenio aprobado xudicialmente que determine que ten a custodia ou que lle corresponde o período estival no tempo do CONCILIA COIRÓS 2026 basta a sinatura desa persoa.
- 15.3 A **capacidade económica per cápita da unidade familiar**, calcularase da seguinte maneira(importe dos apartados 435 + 460 - 595 da declaración do ano 2025)
No caso de non facer IRPF, hai que aportar o certificado tributario de non declarante; e sinalar o importe das nóminas, pensións, prestacións ou subsidios, ou outros ingresos.
Estas cantidades dividiranse entre o número de persoas que formen a unidade familiar.
- 15.4 As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse preferentemente por Sede electrónica do Concello de Coirós, ou entregarse no Rexistro municipal ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común. (Nota: Desde calquera rexistro municipal de España, ou rexistro autonómico ou estatal pode ser remitido ao Concello de Coirós).
- 15.5 Cubrir con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á crianza. De non facerse así, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai ou pai).
- 15.6 A persoa solicitante pode ser tanto a nai como o pai, ou ambos. Se soamente é cuberto por un proxenitor, soamente poderá ser recollido por esta persoa solicitante, no caso de non autorizar ao outro proxenitor.
- 15.7 As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Centro social.
- 15.8 Calquera dúbida poden chamar ó 981 796 088 – ext.5 (axente de igualdade), por Whatsapp ao 621 194 335, ou ben no correo axenteigualdade@coiros.es

16. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD), infórmase que o Responsable do Tratamento é Concello de Coirós. Finalidade e Lexitimación: Os datos serán tratados para a xestión administrativa, selección de participantes e desenvolvemento do programa "Concilia Coirós 2026". A base xurídica é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (Art. 6.1.e do RGPD) e, de ser o caso, o consentimento das persoas interesadas para finalidades específicas. Categorias de Datos: Trataranse datos de identificación e de contacto, así como categorías especiais de datos (saúde, alerxias ou discapacidade) necesarios para garantir a seguridade e atención axeitada da crianza, amparados no interese público esencial. Destinatarios e Envío de Datos: Os datos estritamente necesarios serán comunicados á empresa adxudicataria da prestación do servizo, que actuará como Encargado do Tratamento. Non se prevén outras cesións, salvo obriga legal.



Publicación de Listaxes: En aplicación do principio de minimización, as listaxes provisionais e definitivas publicadas na web e taboleiro municipal conterán unicamente o nome, apelidos e catro cifras numéricas aleatorias do documento de identidade. Conservación: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar. Dereitos: As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade mediante escrito dirixido ao Concello de Coirós, ou a través da sede electrónica. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido o DNI/NIE/pasaporte na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través do ingreso na conta do Concello:

IBAN: ES79 2080 0018 053110 000252

O xustificante de pago enviarase como último día o 14 de xuño, a través da Sede electrónica do Concello, ou nos rexistros autorizados

Nota: No caso de que alguén non pague en prazo, ou non envíe o xustificante de pago, a praza queda baleira, e pasará a ocupala a seguinte persoa que estea na lista de agarda e cumpra os requisitos e prioridades

PRAZOS

- A. Preinscricións: Do 15 de abril ao 30 de abril, sede electrónica (preferentemente) ou a través do rexistro do Centro Social, ou de calquera dos rexistros autorizados.
- B. Publicación da lista provisional e de emendas de solicitudes: 14 de maio.
- C. Prazo de emenda de solicitudes: Ata o 28 de maio.
- D. Publicación da lista de persoas admitidas e da listaxe de agarda: 5 de xuño.
- E. Pagamento do prezo e envío de xustificante: Ata o 12 de xuño.
- F. Lista definitiva de persoas admitidas, e notificación de novas das persoas incorporadas da lista de agarda: 18 de xuño.